

Heduo

PALABRAS DE MANUEL FRAGA IRIBARNE,

PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA,

CO GALLO DA CELEBRACION

DO DIA DE GALICIA

Compostela, 25 de Xullo de 1991

Celebrámo-lo Día de Galicia, na nosa tradicional Festa de Santiago o Maior, o que quixo repousar na nosa terra, o Santo Patrón das Españas, o Apóstolo de Europa.

Dende aquí, no corazón de Galicia, nesta Compostela cabeceira e meta de tantos camiños, paréceme ver, nesta celebración, a tódolos galegos que foron, que son e que serán. O longo dos tempos (que quixemos lembrar como base de proxección de novos futuros, nesa magna e significativa exposición de San Martiño Pinario), dende a remota prehistoria e os verdes castros, pasando por tantos ancestros e aportacións ilustres, de fenicios e gregos, de romanos e xermanos, de normandos e xentes reunidas de toda Europa, como San Martiño o Panonio ou San Wintila o romano, ou os infinitos peregrinos á Arca Marmórea, dos mais remotos confíns. Devotos romeiros ou invasores implacables; todos acabaron integrados pola terra nai galega, e cederon a aperta das súas rías e dos seus vales.

Creo albiscalos, e tamén ós galegos de hoxe, espaxados polo ancho mundo, os que navegan por tódolos mares, os que intentan pescar en tódolos caladoiros, os que se atafegan en Barcelona ou en Xenebra, os misioneiros e os boureantes, as amas de casa e os nenos que percorren as nosas pistas cara ás escolas, os gandeiros e os poetas, e os deportistas; tódolos que, ás veces sen o saber, manteñen o ser, o nome, a ilusión e a saudade de Galicia en tódolos sectores e en tódalas partes. Nenos e nenas, xente nova e maiores, que se incorporán á tradición, ós estilos, ós modos de ser dunha Galicia, sempre a mesma e sempre cambiante, eterna e xenuína máis alá das coxunturas e das modas pasaxeiras.

Hoxe, Festa de Santiago, Día de Galicia, é o momento, sobre todo, despois de sentírmonos seguros do noso pasado e dun presente de clara recuperación, de mirar cara adiante, con decisión e enerxía, buscando un rumbo de autenticidade, de unión, de progreso, de desenvolvemento para a nosa Galicia. E, por suposto, lícito o valorar libremente a interpretación da nosa Historia, e o propoñer formulas diversas para o noso futuro; pero sen dúbida, que pouco se logrará se non reducímo-lo arco dos disentimentos e das descalificacións e imos na procura das amplas áreas do consenso e da concordia.

Máis alá das palabras ambiguas e das propagandas electorais, hai cousas que necesariamente nos teñen que unir: a perseveración da identidade da nosa cultura e do seu excepcional vehículo, a lingua de Rosalía e de Cunqueiro; o argumento da continuidade da sociedade Galega; o cimenta-la lexítima defensa dos intereses de Galicia nos marcos da integración política e da institucionalización xurídica que corresponde ás realidades do noso tempo, engarzando as vellas pedras en novas estruturas.

Coido que debemos todos, no Día de Galicia, aspirar a esa unidade no fundamental, a esa converxencia nos grandes designios, a unión sagrada de tódolos galegos no que atinxe o interese común.

E iso dun xeito positivo e solidario. Galicia non entende a súa autonomía, nin a afirmación da súa personalidade, pechándose sobre si, e menos negando ós demais; Galicia ten que se abrir a tódalas rexións irmáns, a tódolos peregrinos dun mundo na procura de salvación, a toda a Humanidade. En tódalas partes deixámo-la nosa pegada; o proxecto galego non pode ser un proxecto egoísta, baseado na negación. Afirmemos con decisión o noso; pero buscando sempre a cooperación, nunca o obstruccionismo e menos o odio.

Practiquemos sempre o optimismo creador, endexamais o pesimismo ou a desesperanza. E infinita e difícil a tarefa; a modernización tecnolóxica e a eficiencia económica require dimensións cada vez máis amplas e entendementos cada vez máis extensos. Correspóndelle á prudencia política e á eficacia negociadora, á capacidade administrativa e ó liderato enxendrador de consenso, o logra-la sîntese posible de todo o que e autoidentificación do galego, e á vez facelo compatible cos imprescindibles grandes proxectos de integración e solidariedade a nivel español, europeo e universal.

Galicia, por outra parte, non necesita nin pretende vantaxes nin menos privilexios; todo o contrario, o que reclama e o que e seu, o que e xusto, o que esixe a equidade e impón a solidariedade.

Por iso loitamos e loitaremos, buscando na empresa sitio para todos e esperanza para os máis.

Coido que imos conseguir e dende logo non coñecerémo-lo descanso ata logralo, esperando que a tarefa nos permita merecer esa satisfacción do deber cumprido que e o único que vale de verdade; un deber con Galicia e con tódolos galegos, o servicio dunha España, dunha Europa e dun mundo mellores.

Nestas ideas, propósitos e esperanzas, o Goberno Galego aspira a unha plena consolidación deste Día de Galicia como un símbolo de todo o que nos une e nos inspira o seu servicio. Propoñémonos espallalo cada ano a unha das comarcas galegas, para achegalo cada vez máis ó noso pobo. Máis alá do Día do noso Patrón, o Señor Santiago, o Día de Galicia ten que ser unha celebración da Sociedade Civil, no máis profundo sentido da palabra; o paradigma dunha cidadanía que se recoñece na patria común de tódolos galegos. **Por este Gran Futuro alzamos hoxe ilusionados os nosos corazóns.**